

Tempos de cambio no Uruguai de Tabaré Vázquez

Hugo Cores

A expresión que lles comento –*Tempos de cambio no Uruguai de Tabaré*– escoiteilla máis dunha vez a Wilson Ferreira Aldunate, líder indiscutible do Partido Nacional que outrora cumprira un papel importante na defensa das liberdades democráticas e na loita contra a ditadura.

A frase xurdía dunha anécdota que eu coñecera cando estudaba Historia Nacional co insigne investigador nacionalista Juan Pivel Devoto, autor de numerosas obras de historia política.

Cara a fins do século XIX, no Porto de Montevideo dialogaban dous emigrantes europeos. Poderían ser galegos, vascos ou italianos do sur que, por aquel entón, se achegaban por milleiros.

Un deles faino desde arriba dun buque de pasaxeiros que o está conducindo ao seu destino definitivo, en Bos Aires. O outro, xa afincado en Uruguai, pregúntalle ao viaxante por qué segue para a Arxentina.

—Parece que teñen unha terra moi rica alá. E ti por que te quedas?

E o que estaba no peirao contestoulle:

—Porque aquí ninguén é máis ca ninguén.

O recen chegado xa descubrira a profunda diferenza que existía entre a nacente sociedade uruguiaia e a Europa monárquica e estamentaria, coa súa rixida estratificación de clases.

O País

Uruguai caracterizouse durante boa parte do século XX (1904-1968) pola súa estabilidade institucional, o avanzado da súa lexislación civil e de protección aos traballadores, a extensión da súa clase media numerosa e culta e un desenvolvemento industrial relativamente importante.

Isto deu lugar ao xurdimento dunha clase obreira combativa que organizou os seus sindicatos con independencia das patronais e o Estado. Cara 1960, o proceso de unificación das distintas e variadas tendencias do sindicato obreiro estaban en pleno proceso de unificación.

Durante ese longo período, aínda que existían incesantes conflitos entre os sindicatos e as patronais, prevaleceu a paz social, o crecemento do benestar colectivo e unha certa tendencia á redistribución da renda.

Gran parte desta prosperidade nacía dunha produtividade agrícola alta, cun rabaño de boa calidade, ao redor de vinte millóns de ovinos e entre seis e oito de vacúns, que permitía a existencia case permanente de saldos favorables na ba-

lanza comercial, o crecemento do gasto público e o investimento estatal na saúde e a educación. Nunha palabra, un país sen grandes diferenzas de clase, con moi baixa densidade de poboación e unha inserción relativamente favorable no mercado mundial como exportador de alimentos.

Os indicadores favorables creceron ininterrompidamente ata 1966. Pero xa cara ao fin da guerra de Vietnam, os prezos internacionais da lã e da carne tenderon á baixa nun ciclo de longa duración cuns efectos sociais que estouparon con inesperada violencia no inverno de 1968.

A remodelación conservadora

Neste período xurdiu un movemento obreiro fortemente unido e organizado que, integrado por militantes de partidos de esquerda e sindicalistas independentes, tiña máis forza ca os propios partidos que non alcanzaban a obter o 7% dos votos nas eleccións nacionais.

Foi este sindicalismo agrupado na CNT, o que enfrontou o que se chamou a “remodelación conservadora” do país, consistente na baixa dos salarios, a desprotección da industria, a diminución do gasto social e a vía libre no proceso de concentración financeira, que culminou co predominio dos banqueiros sobre o conxunto da vida económica do país.

Despois de máis de sesenta anos sen ningunha clase de violencia política, intensificáronse as loitas obreiras e estudantís e cobraron forza as incipientes organizacións armadas da esquerda revolucionaria, inspiradas no proceso cubano e nas ideas de Ernesto “Ché” Guevara.

A partir dese momento, a represión política intensificouse dun xeito crecente, asumindo primeiro (1968-1973) a forma de gobernos civís co respaldo das Forzas Armadas, co mantemento da aparencia democrática e co Poder Lexislativo e a Suprema Corte de Xustiza decaídos nos seus foros, pero aparentando desempeñar as súas funcións con normalidade.

Nesta primeira etapa, a represión asañoouse contra as organizacións sindicais e estudantís e os partidos de esquerda que, en 1971, conformaron o *Frente Amplio*.

O advento da ditadura e do terrorismo de Estado

Nun país de arredor de tres millóns de habitantes existe consenso entre investigadores e científicos políticos sobre que, entre 1968 y 1973, o número de presos sobrepasou os cincuenta mil. Deles, entre sete e oito mil cumpriron longas condenas.

Nunha segunda etapa (1973-1985), o endurecemento autoritario cobrou intensidade co desenvolvemento dun omnipotente aparato represivo que foi definido como “Terrorismo de Estado” e que coincidiu co advento de réximes de similares características no Chile de Pinochet, na Arxentina de Videla, no Paraguai de Stroëssner e no Brasil de Garrastazú.

Neste período, os autoritarismos do Cono Sur coordinaron as súas accións no tristemente célebre “Plan Cóndor”.

A restauración da democracia

A finais do ano 1984, o réxime militar chamou á realización de eleccións nacionais, as cales tiveron lugar coa participación de miles de cidadáns presos e outros proscritos, é dicir privados dos seus dereitos civís e políticos.

Entre eles atopábanse os principais líderes da oposición: Wilson Ferreira Aldunate, do Partido Nacional, que estivera preso, e Líber Seregni, do Frente Amplio, proscrito, circunstancia que lle impediu participar na contenda electoral.

En novembro de 1984, co respaldo tácito do goberno militar, alcanzou a presidencia Julio María Sanguinetti, un avogado e político experimentado pertencente ao Partido Colorado que, con bastante habilidade, tivo enxeño dabondo como para facer aprobar no Congreso unha virtual Lei de Amnistía para os militares acusados de violacións dos Dereitos Humanos.

Esta lei, denominada eufemisticamente “de caducidade da pretensión punitiva do Estado”, ensombreceu a lexitimidade das institucións democráticas uruguaias desde hai xa vinte anos.

As organizacións populares, os liberais do Partido Nacional e tódalas correntes da esquerda, librarón unha gran loita cívica contra esta lei a través dunha Comisión Pro Referendo, na que se atopaba o Dr. Tabaré Vázquez.

Gobernos civís, neoliberalismo e suxeición aos ditados do FMI

Desde 1984 ata hoxe, celebráronse outras catro novas convocatorias electorais no país, unha cada cinco anos. Nas mesmas foron elixidos presidente e vicepresidente, renováronse na súa totalidade ambas cámaras, elixíronse os titulares dos executivos departamentais (intendentes municipais) así coma os órganos lexislativos departamentais ou Xuntas.

En 1990, despois de moitos anos de non acceder ao goberno (non triunfaba desde 1962) fíxose cargo da Presidencia da República o sector máis conservador do sistema político uruguaiño, liderado por Luis Alberto Lacalle. As súas concepcións anti estatistas tiñan unha afastada orixe na oposición que o seu partido realizara á política de nacionalizacións acometidas por Batlle e Ordóñez a principios do século XX.

Nesta ocasión, a chegada do *lacallismo* ao poder coincidiu co auxe das políticas neoliberais e privatizadoras que impulsaban Fernando Collor de Mello no Brasil e, sobre todo, Carlos Menem na Arxentina.

Vitoria na capital

É importante salientar que, en 1990, pese a sufrir unha importante escisión pola dereita dun ala moderada, o Frente Amplio conquistou a maioría nas eleccións para o goberno municipal de Montevideo, facéndose cargo da titularidade o Dr. Tabaré Vázquez. A personalidade de Vázquez chamou a atención aos analistas e aos seus adversarios políticos.

A diferenza da maior parte dos dirixentes políticos tradicionais, Vázquez empezou a militar con máis de 46 anos de idade, cando xa era un médico recoñecido

e un académico de primeira liña, como profesor na Facultade de Medicina na súa especialidade, a oncoloxía.

Por entón era considerado un dos mellores oncólogos do país, un home con ideas de esquerda pero sen militancia manifesta e que participara na condución de clubs deportivos do seu barrio.

Apenas iniciada a campaña electoral, nas súas saídas polos barrios montevidEOS, a capacidade comunicativa do Dr. Vázquez causou un profundo impacto na poboación.

Como candidato único da esquerda, Tabaré Vázquez púxose á fronte dunha mobilización política de gran intensidade na zona metropolitana, onde a esquerda tiña unha implantación extensa e de longa duración. Logrou un triunfo moi significativo.

Tanto os compromisos asumidos ante o electorado como a súa acción de goberno, unha vez conquistada a Intendencia Municipal, axustáronse ás orientacións do Frente Amplio, contidas nas resolucións dos seus congresos.

Despois das graves feridas da ditadura, a división alentada pola dereita e o desalento que trouxo ao país o incumprimento das promesas dos partidos tradicionais, expresadas na CONAPRO, Tabaré Vázquez empezou a aparecer cada vez máis coma un gobernante con estilo propio e visión nacional e, ao mesmo tempo, coma un construtor e condutor da forza política que o levará á vitoria nas urnas.

As loitas na defensa do patrimonio nacional

A partir dese momento (1990), mentres sobre o país aumentaba a tormenta neoliberal e privatizadora que apuntaba cara ao remate das conquistas sociais e o patrimonio nacional acumulado nas súas Empresas Públicas, coa súa loita contra a corrupción, a súa firmeza e as súas medidas de corte netamente popular e democrático, Tabaré Vázquez foise perfilando como un líder de recambio cando o seu prestixioso presidente, o xeneral (r) Líber Seregni, roldaba os oitenta anos.

O prestixio de Vázquez e os votos da esquerda, que se foi ampliando coa incorporación de novos sectores progresistas, medrou dun xeito ininterrompido.

En cifras redondas, os votos do progresismo pasaron do 20% do electorado nacional en novembro de 1984, ao 25% en 1989, o 30% en 1994, o 40% en 1999, e ao 51% o 31 de outubro de 2004.

A última crise do Uruguai conservador

O Frente Amplio e os seus aliados accederon ao goberno nun país arrasado polo desmantelamento do Estado, a corrupción, a inestabilidade financeira e o estancamento produtivo.

Durante o último goberno conservador presidido polo Dr. Jorge Batlle, á crise de “longa duración” e ao estancamento que comezou na década dos cincuenta, engadíuselle unha breve e fulminante crise a mediados do ano 2002.

O cataclismo financeiro puxo en evidencia a fragilidade dun sistema bancario hipertrofiado, en mans duns poucos e con fortes vencellos co sector especulativo da rexión, especialmente de Arxentina.

A crise agravouse pola complicidade do goberno cos especuladores, pola falta de control de parte do Banco Central, polas insuficiencias do sistema xudicial para as indagacións técnicas na área dos delitos financeiros, e pola debilidade da sociedade civil.

No curso dunhas poucas semanas, o peso uruguaio devaluou, o desemprego alcanzou o 20% da poboación economicamente activa, decenas de miles de familias foron expulsadas á periferia das cidades industriais, creceu a mortalidade infantil nas zonas rurais, alcanzándose nalgúns departamentos as taxas máis altas da rexión, equiparables ás que padecen os labregos das zonas máis pobres de América Latina.

Alcanzando a crise o seu punto máis alto no 2003, o ano pasado rexistrouse un proceso lento de recuperación, pero aínda non se lograron os índices do PIB do ano 1998.

O proxecto progresista

A partir desta realidade, o proxecto progresista pon o acento na recuperación da capacidade produtiva do país, coa redistribución da renda, aumento do gasto social na saúde, vivenda e educación e aplicación inmediata dun Plan de Emerxencia destinado a atender a zona de exclusión social, agravada nos últimos tres anos.

O Dr. Tabaré Vázquez, que durante o seu goberno á fronte da Intendencia Municipal de Montevideo, foi un entusiasta defensor da política de descentralización política e administrativa a través do desenvolvemento das Xuntas Locais, os CCZ e os Concellos Veciñais, reiterou máis dunha vez que o cumprimento do seu programa de país produtivo e social só é posible afondando na democratización da sociedade e do Estado, e que esa democratización da sociedade e do Estado só é posible creando mecanismos a través dos cales os cidadáns poidan intervir na toma de decisións a partir dunha información transparente e democrática.

Enfrontado a unha situación de calamidade social, o Dr. Vázquez reiterou máis dunha vez, dirixíndose a toda a cidadanía, “*non nos deixen solos*”.

Mercosur e a integración rexional

No plano internacional, a asunción dun goberno progresista en Uruguai prodúcese nun momento no que toda América Latina padece as sacudidas provocadas pola revolución neoconservadora e o neoliberalismo económico.

Ao mesmo tempo, tres grandes países de Sudamérica, Arxentina, Brasil e Venezuela, con distintos estilos e programas e partindo de realidades moi distintas, buscan camiños propios que permitan dar resposta aos grandes danos da *débeda social*.

Nas instancias diplomáticas que se xeraron no Uruguai no momento da toma de posesión do Dr. Tabaré Vázquez, estiveron presentes en Montevideo os principais mandatarios suramericanos.

O recibimento cordial que lles brindou o goberno e a cidadanía, bastante máis alá do que indica o protocolo, tivo tamén o seu correlato na subscripción de importantes acordos económicos, sociais e políticos.

Un dos eidos principais da política exterior do goberno progresista será o fortalecemento e a ampliación do Mercosur.

En síntese, se tivéramos que definir os perfís do proxecto progresista uruguaio, diríamos que pon o acento na recuperación do vello ideario do noso prócer da Independencia, José Artigas, que facía fincapé na democracia e no igualitarismo social: *Que ningún sexa máis que ningún*.

O proxecto forma parte do esforzo rexional que se vén desenvolvendo para depurar as institucións estatais dos restos do autoritarismo residual, do Terrorismo de Estado dos anos 70 e 80.

Forma parte tamén do movemento nacionalista e latinoamericanista que sente que o noso subcontinente está pagando un tributo doloroso polas relacións desiguais co resto do mundo, especialmente co seu veciño do norte, os EEUU.

Este sentimento nacionalista latinoamericano veuse reforzado coa política avasaladora e arrogante da administración Bush, das duras condicións que imponen os organismos internacionais de crédito, que actúan coma un verdadeiro *corsé* que obstaculiza o desenvolvemento social e económico das nacións do Sur.

As incursións cada vez máis temerarias que os continxentes norteamericanos realizan na rexión, especialmente en Colombia, suscitan aprehensión en gobernos e pobos que anhelan a paz e poñen todo o seu esforzo e todas as súas enerxías ao servizo da guerra contra a fame, a enfermidade e o desamparo.

Hugo Cores é xornalista, colaborador de “La República”.